

EXPEDIENTE:	2024/00012280K
PROCEDIMENTO:	Listas de agarda

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da concelleira de Economía e Facenda de data 28/04/2017, aprobouse unha listaxe de agarda de administrativos, derivada da solicitude á Axencia Local de Emprego de remisión de candidatos. Por Resolución da concelleira de Economía e Facenda, Contratación e Modernización da Administración Local, de data 9 de xullo de 2020, aprobouse a lista de agarda de persoal administrativo, derivada da OEP 16/17 pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1.

1.1.- Na actualidade, o Concello de Santiago de Compostela recorre ás citadas listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal da escala de Administración xeral, subescala administrativo, grupo C, subgrupo C1 de clasificación, categoría de administrativo.

2.-No BOP da Coruña núm. 244, do 27 de decembro do 2022, publícanse as bases específicas que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización para a cobertura, por quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de catorce prazas de persoal funcionario de carreira das escalas de Administración xeral e especial, e de cinco prazas de persoal laboral fixo.

Dentro das catorce prazas de persoal funcionario figura as seguintes:

*Dúas (2) de administrativo/a, da escala de Administración xeral, subescala administrativo, grupo C, subgrupo C1 de clasificación.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Na base primeira, apartado 2 das bases específicas do proceso selectivo convocado para a cobertura de 14 prazas de persoal funcionario de carreira das escalas de Administración xeral e de Administración especial, e de 5 prazas de persoal laboral fixo, indícase o seguinte:

“ Desta convocatoria, tal e como se prevé nas bases xerais, derívase tamén a creación dunha bolsa de emprego que habilitará unha listaxe de aspirantes para aqueles subgrupos e categorías nas que non exista lista de agarda, segundo o disposto no

artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal.

Para aqueles subgrupos e categorías nas que existan listas de agarda, as persoas aspirantes que non superen o proceso selectivo incorporaranse a elas segundo o disposto no artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal”.

3.- Pola súa banda, a base sétima- bolsa de traballo- das xerais que rexen a convocatoria de prazas deste Concello, publicadas no BOP da Coruña núm. 187, do 30/9/2022, indica:

“ Segundo o disposto no artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal, as persoas aspirantes que tendo participado por quenda libre ou cota de diversidade funcional superasen algunha proba sen chegar a obter praza, serán incluídas na lista de agarda para a provisión temporal de postos, elaborada en base aos criterios que figuran no mencionado precepto e que terá prioridade sobre calquera outro sistema de entrada, O persoal que figura nas listas vixentes estará obrigado a presentarse a todas as convocatorias de prazas, nos termos indicados no artigo 8 das citadas normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal.”

4.- As normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, publicadas no BOP da Coruña núm. 22, do 31/2/2010, indican no seu artigo 8- renovación de listas- o seguinte:

“ Cando se leven a cabo probas selectivas correspondentes ás ofertas de emprego público do Concello de Santiago para prazas das que exista lista de agarda de contratacións vixentes na data en que se resolva a convocatoria, procederase á renovación de ditas listas, consonte os seguintes criterios:

- a) Para continuar nas novas listas, o persoal que figure na lista vixente virá obrigado a presentarse a todas as convocatorias de prazas en propiedade convocadas polo Concello de Santiago para a praza de que se trate, sen que sexa esixible o requisito de ter que superar algunha proba selectiva, establecido no artigo 3 anterior. De non presentarse sen que existan razón obxectivas que o xustifiquen, en ningún caso serán avaliados para continuar nas listas de agarda.*
- b) A orde a que figurarán os aspirantes virá dada pola aplicación do baremo establecido no artigo 3 desta normativa.”*

5.- Así mesmo, o artigo 3 das normas de xestión é o que regula o procedemento de elaboración de novas listas de agarda por convocatorias de ingreso, indicando:

“ Artigo 3º. Elaboración de novas listas de agarda por convocatorias de ingreso

O sistema xeral de selección do persoal para prestar servizos temporalmente no Concello de Santiago será mediante listas de agarda creadas ao efecto á finalización das probas selectivas de quenda libre correspondentes á última Oferta Pública de

Emprego, para o acceso aos diferentes Corpos ou Escalas de funcionarios ou categorías de persoal laboral.

Nas convocatorias destes procesos selectivos establecerase que, aqueles aspirantes que tendo participado pola quenda libre ou discapacidade superasen algunha proba conforme ao establecido nas bases específicas da convocatoria, quedarán incluídos nunha lista de agarda creada ao efecto para a selección de funcionarios interinos ou laborais temporais, agás que o interesado manifeste expresamente a súa vontade en contrario.

Rematados os procesos selectivos, o Servizo de Recursos Humanos e Avaliación elaborará para cada corpo, escala, subescala ou categoría de persoal unha proposta de listas de agarda conformada polos aspirantes que, sen ter obtido praza, superaron, alomenos, un exercicio do proceso selectivo.

Para determinar a orde de prelación nas listas terase en conta o seguinte baremo establecido no artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, polo que o Departamento de Persoal requirirá aos aspirantes a acreditación dos méritos relacionados no mesmo, concedendo ao efecto un prazo improrrogable de 10 días para que os interesados aporten a documentación que os acredite de conformidade co baremo establecido no artigo 3 das normas de xestión “*elaboración de novas listas de agarda por convocatoria de ingreso*”.

(non se reproduce o baremo por constar na publicación efectuada no Boletín Oficial da Provincia das normas de xestión de listas, e incorporarse como anexo ao presente informe proposta).

6.- O día 23 de xaneiro deste ano 2024 publícase o anuncio do Tribunal cualificador que contén a relación definitiva de persoas aprobadas no proceso selectivo da subescala á que se refire o presente informe, razón pola cal – e con independencia de que a toma de posesión das persoas candidatas propostas se dilate- é posible avanzar no procedemento de elaboración das listas de agarda, no que se computará a nota dos exercicios das probas selectivas, á que se engadirá a resultante do concurso de méritos efectuado de conformidade co establecido no artigo 3 das normas de xestión de listas, sen que a estes efectos se poida trasladar a puntuación acadada na fase de concurso do proceso selectivo, por reflectir un baremo diferente.

Tendo en conta o anterior, e en consideración á necesidade e urxencia na elaboración de listas de agarda de persoal administrativo, infórmase favorablemente e propónse que polo concelleiro-delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local se resolva:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de elaboración de nova lista de agarda -que no seu caso substituirá á vixente- para o nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal da escala de administración xeral, subescala administrativo, grupo C, subgrupo C1 de clasificación, categoría de administrativo.

Segundo.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, aos efectos de que as persoas que superaron o proceso selectivo da oferta de emprego de estabilización, na anterior subescala pero non acadaron praza, e relacionadas na proposta do Tribunal cualificador publicada con data 23 de xaneiro do 2024, aporten a documentación á que se refire o apartado B) do artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago (BOP núm. 22, do 3/2/2010).

Terceiro.- Informar ás persoas interesadas que se a documentación xa obra en poder desta Administración, deberán alegalo e indicar individualizadamente cal desexan que se teña en conta a efectos da elaboración da lista de agarda, especificando o procedemento no que foi aportada.

Cuarto.- Notificar ao Servizo de Recursos Humanos e Avaliación que rematado o prazo de presentación de documentación, proceda á baremación que dará lugar á aprobación das listas polo órgano competente.

Quinto.- Publicar as correspondentes listas de agarda no Taboleiro de anuncios do Concello de Santiago de Compostela e na páxina web de conformidade ao indicado nas normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o decreto de Alcaldía do 17 de xuño de 2023 polo que se nomean as Concellarías delegadas, e o acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias, RESOLVO:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de elaboración de nova lista de agarda -que no seu caso substituirá á vixente- para o nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal da escala de administración xeral, subescala administrativo, grupo C, subgrupo C1 de clasificación, categoría de administrativo.

Segundo.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, aos efectos de que as persoas que superaron o proceso selectivo da oferta de emprego de estabilización, na anterior subescala pero non acadaron praza, e relacionadas na proposta do Tribunal cualificador publicada con data 23 de xaneiro do 2024, aporten a documentación á que se refire o apartado B) do artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago (BOP núm. 22, do 3/2/2010).

Terceiro.- Informar ás persoas interesadas que se a documentación xa obra en poder desta Administración, deberán alegalo e indicar individualizadamente cal desexan que se teña en conta a efectos da elaboración da lista de agarda, especificando o procedemento no que foi aportada.

Cuarto.- Notificar ao Servizo de Recursos Humanos e Avaliación que rematado o prazo de presentación de documentación, proceda á baremación que dará lugar á aprobación das listas polo órgano competente.

Quinto.- Publicar as correspondentes listas de agarda no Taboleiro de anuncios do Concello de Santiago de Compostela e na páxina web de conformidade ao indicado nas normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela.